

O grupo municipal do **PARTIDO POPULAR (Populares de Caldas de Reis)** do concello de Caldas de Reis representado polo seu voceiro Fernando Pérez Domínguez co DNI 35.450.453-R, ao abeiro do artigo 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986 do 28 de Novembro), e artigo 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de Abril, de Modificación da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, propón, para á consideración do vindeiro Pleno Ordinario da Corporación Municipal a seguinte

MOCIÓN PARA SOLICITAR A CONSELLERÍA DE INFRAESTRUCTURAS E MOBILIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A AUGAS DE GALICIA DA SUSCRIPCIÓN DUN CONVENIO CO CONCELLO DE CALDAS DE REIS PARA A CONSTRUCCIÓN DOS SANEAMENTOS INTEGRAIS DOS LUGARES DE REGUENGO EN GODOS E DO LUGAR DE PARADELA DE BEMIL (FASE II E FASE III)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1

A entón Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia tiña asumido o compromiso de dotar os lugares de O Reguengo na parroquia de Godos e de Paradela na parroquia de Bemil dun saneamento integral das augas residuais. A día de hoxe ambas parroquias non dispoñen dun saneamento integral, concretamente no lugar de Reguengo no dispón de saneamento ningunha das vivendas e no lugar de Paradela de Bemil estase iniciando estes días a primeira fase, dun total de tres, co cal procede axilizar as xestións e trámites administrativos que permitan que todos es veciños de ambos lugares dispoñan de este servizo esencial.

Estamos a falar duns costes aproximados de 187.000,00 euros no lugar de Reguengo e de 403.000,00 euros no lugar de Paradela, o que suman un total de 590.000,00 euros de investimento preciso para que estes dous núcleos dispoñan dun saneamento integral.

As xestión levadas a cabo polo grupo municipal do Partido Popular ante a Conselleira de Infraestructuras e Mobilidade Ethel Vázquez remataron estes días co compromiso da posta en marcha dun convenio que permita que a Xunta de Galicia, en colaboración co Concello de Caldas de Reis, poida executar esta obra fundamental.

Temos que lembrar que o saneamento é un servizo básico o que teñen dereito todos os caldenses é que a lei establece claramente que a recollida e depuración das augas residuais é competencia exclusivamente municipal.



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620

Por todo elo, o Grupo Municipal Popular no Concello de Caldas de Reis presenta ao Pleno a seguinte

PROPOSTA DE ACORDOS:

1º.- Que se remitan urxentemente a Augas de Galicia e a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia dos proxectos técnicos do saneamento do lugar de Reguengo en Godos (con un importe estimado de 187.000,00 euros) e da fase II e fase III do lugar de Paradela na parroquia de Godos (con uns importes estimados de 190.000,00 euros e 213.000,00 euros respectivamente), para poder actualizar a información da que se dispón na Consellería de estas dúas infraestruturas.

2º.- Que se solicite formalmente a Augas de Galicia e a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia a redacción dun convenio que permita executar a totalidade dos saneamentos de augas residuais de estes dous lugares.

3º.- Que se remita o presente acordo plenario e con él se traslade a vontade inequívoca de toda a Corporación de este Concello e do Equipo de Goberno de Caldas e Reis de colaborar, como procede nestes casos, e cumprir, ca maior axilidade posible, todas as obrigas que se acepten e asuman no referido convenio unha vez asinado de maneira que estas obras sexan un exemplo de colaboración institucional.

2

En Caldas de Reis a 29 de setembro de 2021

O GRUPO MUNICIPAL do **PARTIDO POPULAR (Populares de Caldas de Reis)**



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620